

ENTREVISTA CON **JULIÁN HERNÁNDEZ DE SINIESTRO TOTAL.**

1. Na época dos nazis, artistas alemán creaban o colectivo frier en París. Se tiveras vivido esa época, farías un grupo clandestino?

—Non: infiltrárame nas SS e montaría un grupo de coros e dansas.

2. a nicaragua sandinista nos 80. Loitarías se foras nicaraguense na revolución?

—Non son nicaragüense, que lle vou faser!

3. a norte de kurt kobain é relevante para min. Que norte che afectou dun músico de forma máis dura?

—Supoño que falas de “morte” non de “norte”. E tamén supoño que a morte máis dura vai ser a miña, que xa esta nalgures no espazo-tempo.

4. nos 60 en california seguirías o ideario hippy?

—Pero ti escoitaches as cancións de Siniestro Total?

5. a música postpunk é a que me atrae. Este movemento inflúete na vosa música?

—Defina “movemento postpunk”.

6. a pureza, o constructio. Cres que somos ou que nos facemos?

—Nin idea.

7. a noite... é o tempo onde todo sucede, ou non sucede nada?

—Dependerá de si tes ó lado a Mira Sorvino ou un sarxento da Benemérita.

8. existen manifestos de literatos galegos (nós os inadaptados, máis alá). Se tiveras que facer un que aspectos incluírías?

—O exterminio dos gaiteiros nas rúas de Compostela.

9. o amor é un tema que me interesa especialmente, tratado como unha salvación. Como o incorporades ás vosas canción?

—Amor? Que ven sendo iso?

10. gústame especialmente o mito de eros e psique. Escollerías algún mesmo non sendo grego que se achegue a túa condición existencial?

—Eu non teño condición existencial. Ou si. Non o teño nada claro.

11. estou vendo cadros de remedios varo e leonora Carrington. O surrealismo está presente nas vosas letras. É un surrealismo pop?

—Remedios Varo e Leonora Carrington son moi importantes. Nos somos irrelevantes.

12. creei o que eu chamo anarco-galeguismo. Cres que é un ideario actual e actualizante?

—Actual, actualizante ou actualizable? Ti vai escribindo en que consiste, plis.

13. encanteríame coñecer marrocos. Que lugar che gustaría coñecer a ti?

—Solaris.

14. que prefires a Rosalía de castro ou á Rosalía do trap?

—Podo escoller entre susto ou morte?

15. uxío novoneyra di “bailas e fasme libre”, que é o que che fai libre a ti?

—In illo tempore, un cuba libre. Agora vou en canoa cunha cunca de viño.

16. o postmodernismo afirma que non existen verdadeiramente posibilidades de emancipación. Estamos constantemente atrapadxs en nós mesmos?

—O contrario é alienación. Por outro lado, non teño moi claro a diferenza entre posmodernismo e un fora de xogo no fútbol.

17. o libro happycratie analiza o feito de ser escravos do consumo cultural. A cultura en que medida é non-reaccionaria?

—Vou por un paracetamol e xa conto cando faga efecto.

18. Foucault fala de subxectividades, que escolles do mundo para o “universo siniestro”?

—O bar da esquina.

19. As mil e unha noites. Sherezade. Volvendo á noite. A túa noite máis reveladora?

—A que non lembro.

20. A revolución iraní, en “ayatola”. Esta foi un avance e/ ou un retroceso?

—Foi unha noticia no telediario, miña rula.

21. avanzando coa conversa. Se falamos de moda... implicacións de vestir de negro?

—A imposibilidade de ter unha gata branca na casa. Chéase todo de pelos!

22. “estamos rodeados de monstros”, en ciencia ficción, que monstro escollerías ser?

—Non teño que escoller. Teño dous ollos, dez dedos nas mans e dez dedos nos pes. Un monstro!

23. “o loto azul”. Atráenme as culturas orientáis. Tés persoalmente influencias do budismo?

—Non. Ou si. Buda comprenderá.

24. No encontro para min está a verdade. O azar, cres nel?

—Non: sempre coñezo o número premiado da bonoloto ó día seguinte do sorteo.

25. sabes que o imaxinario colectivo está cheo de temas de sinistro. É unha responsabilidade socio-artística?

—De Siniestro Total queres dicir?
Responsabilidade CERO.

26. agora estou creando longametraxes. A película que máis che gusta cal é? spike lee, jim jarmush?

—*Shoa* (Claude Lanzmann, 1985)

27. Os estados unidos, teño un bo amigo en minnesota, triunfan a nivel musical. Cal é a pócima?

—A auga dos lagos.

28. si poderas gravar un video en mtv. Como sería?

—Mudo.

29. o mar está presente de maneira relevante na miña obra. Que che evoca o mar?

—O Polycommander, o Urquiola, o Mar Egeo, o Prestige... Que tempos aqueles!

30. se tiveras que adpatar unha composición clásica, cal sería?

—*Der Ring des Nibelungen*, a tetraloxía de Wagner.

31. o teu gato esplendor xeométrico, segue igual de rabudo?

—Supoño que aínda máis: morreu envenenado fai dez anos.

32. se che regalaran un cadro de algún museo famoso, cal escollerías?

—O máis caro no mercado de subastas.

33. a música industrial sedúceme. O ruído é máis valioso que a música?

—Dependerá do ruído ou dependerá da música dos que estemos a falar.

34. a linguaxe é limitada polas palabras finitas. A música é ilimitada? Ata que punto?

—Er... Un diccionario ten miles de palabras e a escala occidental 12 notas. Non sei eu.

35. derrida fala de falocentrismo. Cres que existe unha carga patriarcal?

—Ninguén como Derrida para inventar conceptos.

36. estamos na época da fin dos grandes relatos?

—Xa vai sendo hora!

37. o post-narrativo pode aplicarse á vosa música?

—Pregúntalle a Derrida.

38. cal serían os 10 conceptos, palabras, sen as que non poideras vivir?

—Dez díxitos: 1.000.000.000 € nunha conta en Suiza.

39. estiven vivindo en México estudando na enap. Estiveches tocando alí? Por que van moitos grupos do estado.

—Sí! Viva México, cabrones!

40. tamén estiven en franza pero alí entenderíasevos menos, non si?

—Non sei: L'amour physique est sans issue.